

PERSOAL SUBALTERNO (chaleco vermello)

Despois de comprobar co director ou, na súa ausencia, cun membro do equipo directivo, que a emerxencia é real procederá a:

- Tentar extinguir o incendio cun extintor.
- Levar a cabo o protocolo de apertura de porta (tocala co dorso da man para verificar grao de calor da estancia, abríla desde a protección da parede e mirar estado da estancia pola parte baixa da porta), en caso de estar pechada.
- No caso de non poder controlar o incendio, proceder á evacuación do centro.
 - Corte de subministros na zona afectada pola emerxencia.
 - Bloqueo de ascensores.
 - Apertura de portalóns de acceso ao centro (acceso a emerxencias externas).
 - Por o seu chaleco de cor vermello.
 - Apertura das portas principais do centro.
 - Activar o sinal de alarma, se así llo asigna o director ou membro do equipo directivo.
- Cortar o subministro das instalacións enerxéticas do centro (gas, electricidade, gasoil...etc).
- Dirixirse ao punto de encontro (conserxería) ou de reunión (punto exterior) e informar ao director das tarefas realizadas.
- Unha vez acabadas as súas tarefas, cada subalterno colocarse en cada unha das entradas principais do centro.

RECOMENDACIÓNS:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é conveniente asignar uns alumnos que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada en sinalización fotoluminiscente de evacuación)**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra las ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNION FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓNS.



NO PUNTO DE REUNION:

- Buscará a membro de equipo de identificación e control (secretario ou xefe de estudos) que esta con chaleco de cor azul e transmitiralle todos os traballos realizados.
- Unha vez acabadas as súas tarefas un conserxe iráse á entrada principais do centro.



Punto de reunión no campo de fútbol.